

Organismo: CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA – Servizo de Primaria

Resolución do 7 de xuño de 2010 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se elevan a definitivas as relacións de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para ingreso no corpo de mestres, convocado por orde de 11 de marzo de 2010 (DOG do 25)

TEXTO:

De conformidade co disposto no punto 3 da base común 4 da referida orde de convocatoria do proceso selectivo para ingreso no corpo de mestres, e vistas as reclamacións presentadas contra a lista provisional de admitidos e excluídos, publicada pola Resolución do 10 de maio de 2010 (DOG do 20 de maio).

Esta Dirección General de Centros e Recursos Humanos resolveu elevar a definitivas as mencionadas relacións, coas modificacións que se conteñen nos anexos desta resolución.

O feito de que figure a localidade solicitada non implica que sexa a localidade de exame, senón que se determinará na resolución pola que se fan públicas as resolucións dos tribunais, polas que se anuncian as datas, horas e lugares nos que se fará o acto de presentación e se celebrará a primeira parte da proba prevista na base novena da convocatoria, así como na resolución pola que se fai pública a distribución entre os distintos tribunais das/dos aspirantes admitidos ao procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2009
José Manuel Pinal Rodríguez
Director Xeral de Centros e Recursos Humanos